



Acta Nº3

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE **DOCENTE DE SAXOFÓN (PERSOAL LABORAL FIXO)** MEDIANTE CONCURSO, A XORNADA PARCIAL PERTENCENTE Á CONVOCATORIA DA OPE EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.

LUGAR; Salón de Plenos da Casa do Concello de Negreira.

DATA: 26 de marzo de 2025

HORA COMEZO: 14,30

HORA DE REMATE: 15,00 h

ASISTENTES;

Presidenta: Miriam Naveira Dono. (Secretaria do Concello de Negreira).

Vogais:

Vogal 1.- Sonia Ponte Esturao.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.

Vogal 2.- Francisco Javier Portela Amor.- Interventor do Concello de Negreira.

Vogal 3.- Belén Quintana Forján.- (Directora Escola Infantil Municipal do Concello de Negreira)

Secretaria: Sonia Nieto López .- Orientadora Laboral do Concello de Negreira.

Examinada a documentación final presentada de acordo co establecido na base décimo terceira das Bases xerais que rexen os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal publicadas no BOP núm.243 do 26 de decembro de 2022 este Tribunal determina:

Primeiro.- O candidato proposto para o posto de Docente de Saxofón do Concello de Negreira laboral fixo do Concello de Negreira, **Don Juan Ramón Leis Varela** entrega no prazo establecido a seguinte documentación;

- ✓ Título oficial esixido para o ingreso, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión de credencial que acredite a súa homologación ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación da documentación.
- ✓ b) Declaración xurada de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- ✓ c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
- ✓ d) Certificado do número de conta bancaria.



- ✓ e) Documento da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación, no seu caso.
- ✓ f) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.(Celga)
- ✓ g) As persoas aspirantes deberán presentar certificado médico oficial que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas. Todo isto sen prexuízo de posterior recoñecemento médico a efectuar polo Servizo de Prevención do Concello de Negreira.
- ✓ H) Cando as bases específicas esixan non ter delitos de natureza sexual, sempre e cando transcurran máis de seis meses dende a presentación da instancia, aportarán novamente o certificado de non ter delitos de natureza sexual.

Segundo.- Tendo en conta que o Informe médico presentado polo aspirante Juan Ramón Leis Varela non se axusta ó establecido no epígrafe g) do punto décimo terceiro das bases que regulan este proceso, acordase solicitar un recoñecemento médico á aspirante que se realizará no Servizo de Prevención do Concello de Negreira, Quirón Prevención, situado en Santa Marta (Santiago de Compostela), no momento de confirmación da cita, será notificada para a súa realización.

E sen máis asuntos que tratar, o presidente declara rematada a sesión sendo ás 15,00 horas do día 26 de marzo de 2025. Asinado O Tribunal Seleccionador.-